



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Novembro 2023

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2023


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Novembro 2023

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes creceu en Galicia en novembro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 3,2%, menos que no conxunto de España, 5,7%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 1,0% e no Resto de produtos un 9,6%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 5,8% en Galicia no mes de novembro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 8,5%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,8% en Galicia e do 2,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en catorce comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Novembro 2023

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes



	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	107,9	3,2	3,4
Xeral sen estacións de servizo	108,0	4,8	4,8
Alimentación	91,1	1,0	0,1
Resto	125,1	9,6	10,6

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 3,2% en Galicia en novembro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 5,7% no conxunto de España.


O índice xeral sen estacións de servizo medra un 4,8% en Galicia e un 7,1% en España respecto a novembro de 2022. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta a facturación en Galicia un 1,0% e un 1,7% no conxunto de España.
- O Resto de produtos crece un 9,6% en Galicia e un 13,3% no conxunto do Estado.

Nos once primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 3,4% en Galicia e un 6,4% en España. As vendas en Alimentación medran un 0,1% en Galicia e un 1,4% en España; no Resto de produtos aumentan un 10,6% en Galicia e 15,4% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 3,5%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (9,9%), Andalucía (6,8%) e Cantabria (6,6%). Os menores crecementos rexístranse en Navarra (2,1%), Castilla y León (2,7%) e Extremadura (2,8%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Novembro 2023

Taxas de variación en %



No que vai do ano, as taxas máis altas rexístranse en Illes Balears (11,1%) e Madrid (8,8%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (2,2%) e Navarra (2,8%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 5,8% en Galicia no mes de novembro de 2023, e un 8,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 8,3% en Galicia e do 10,5% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 10,0% e no Resto de produtos un 7,0%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 10,5% tanto nas vendas en Alimentación como no Resto de produtos.

Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2023

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	134,2	5,8	6,1
Xeral sen estacións de servizo	133,8	8,3	8,5
Alimentación	125,3	10,0	11,6
Resto	139,8	7,0	6,2

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	5,8	6,1
Xeral sen estacións de servizo	8,3	8,5
Alimentación	10,0	11,6
Resto	7,0	6,2

No acumulado do ano, o índice xeral aumenta un 6,1% en Galicia e un 9,2% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 11,6% en Galicia e un 13,0% en España. No Resto de produtos aumenta a facturación un 6,2% en Galicia e un 10,3% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,8% no mes de novembro en Galicia e do 2,0% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,1% en Galicia e un 1,8% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en novembro en catorce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (4,1%) e Madrid (3,8%). As comunidades onde diminúe o persoal ocupado son La Rioja (-2,5%), País Vasco (-0,4%) e Murcia (-0,3%).

Nos once primeiros meses do ano, os maiores incrementos preséntanse en Illes Balears (4,5%), Canarias (3,3%) e Comunitat Valenciana (3,0%) mentres que Asturias rexistra o maior descenso, -1,3%.

Índice xeral de ocupación. Novembro 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	134,2	5,8	6,1	107,9	3,2	3,4
Xeral sen estacións de servizo	133,8	8,3	8,5	108,0	4,8	4,8
Alimentación	125,3	10,0	11,6	91,1	1,0	0,1
Resto	139,8	7,0	6,2	125,1	9,6	10,6
España						
Xeral	140,9	8,5	9,2	113,8	5,7	6,4
Xeral sen estacións de servizo	140,5	10,5	11,5	114,4	7,1	7,7
Alimentación	137,9	10,5	13,0	100,3	1,7	1,4
Resto	142,4	10,5	10,3	130,1	13,3	15,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Novembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	135,0	6,1	6,1	109,0	3,5	3,4
Xeral sen estacións de servizo	135,1	8,6	8,5	109,4	5,1	4,6
Alimentación	131,3	10,6	11,8	95,2	1,3	0,1
Resto	138,0	7,6	6,1	125,0	10,0	10,4
España						
Xeral	140,4	8,4	9,2	113,3	5,2	6,3
Xeral sen estacións de servizo	140,0	10,5	11,4	113,8	6,8	7,5
Alimentación	142,1	10,4	12,8	103,1	1,5	1,2
Resto	137,4	10,1	10,2	126,4	12,9	15,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Novembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	140,9	8,5	9,2	113,8	5,7	6,4
Andalucía	138,5	10,0	9,3	112,0	6,8	6,1
Aragón	135,6	6,3	5,5	109,5	4,2	3,5
Asturias	124,8	7,4	7,6	102,4	5,4	5,1
Balears, Illes	139,1	13,2	13,9	113,1	9,9	11,1
Canarias	144,1	9,4	12,5	116,0	5,2	7,7
Cantabria	133,7	9,7	8,7	106,7	6,6	5,4
Castilla y León	126,0	4,8	4,6	100,2	2,7	2,2
Castilla-La Mancha	135,3	7,4	8,3	106,8	4,7	5,7
Cataluña	131,7	8,6	9,6	105,7	6,1	7,1
Comunitat Valenciana	140,5	8,7	10,3	115,0	5,7	7,9
Extremadura	122,3	5,7	6,7	99,0	2,8	3,6
GALICIA	134,2	5,8	6,1	107,9	3,2	3,4
Madrid	173,1	8,7	11,6	141,3	6,0	8,8
Murcia, Región de	135,6	9,0	6,2	110,2	6,3	3,0
Navarra	130,5	4,9	5,5	103,1	2,1	2,8
País Vasco	134,5	8,1	7,2	108,0	5,3	4,4
Rioja, La	136,0	6,4	7,5	109,8	4,1	5,4
Ceuta	107,0	7,2	10,5	86,0	3,1	5,7
Melilla	95,6	6,2	7,6	75,9	1,8	2,6

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Novembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,9	0,8	1,1
Xeral sen estacións de servizo	106,4	0,7	1,0
España			
Xeral	107,5	2,0	1,8
Xeral sen estacións de servizo	107,5	2,0	1,8

Fonte:INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Novembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,5	2,0	1,8
Andalucía	105,2	2,3	1,3
Aragón	106,8	2,1	1,0
Asturias	102,2	1,0	-1,3
Baleares, Illes	113,7	4,1	4,5
Canarias	110,8	2,4	3,3
Cantabria	103,7	1,4	0,6
Castilla y León	106,9	1,3	1,2
Castilla-La Mancha	106,5	1,8	1,9
Cataluña	104,9	1,4	2,4
Comunitat Valenciana	114,2	2,7	3,0
Extremadura	106,5	0,1	1,8
GALICIA	106,9	0,8	1,1
Madrid	109,6	3,8	1,3
Murcia	103,1	-0,3	-0,1
Navarra	104,6	1,0	0,1
País Vasco	107,2	-0,4	1,4
Rioja, La	106,1	-2,5	-0,3
Ceuta	99,5	-1,9	-1,2
Melilla	101,7	0,4	1,0

Fonte: INE